

O Ministerio trasládalle á CIG-Ensino a súa disposición a modificar algún dos aspectos preocupantes da extinción do corpo de PTFP

Na tarde do luns 25 de xaneiro o secretario nacional do sindicato, Suso Bermello, acompañado da responsábel de FP, María Rodríguez, mantiveron unha videoconferencia coa secretaria xeral de FP do MEFP, Clara Sanz, e co director do seu gabinete técnico, Mariano Carballo.



Durante o encontro a secretaria xeral de FP amosou a súa vontade de artellar mediante Real Decreto un sistema áxil de acceso ao corpo de profesorado de ensino secundario de todo o persoal docente que teña titulación universitaria, estudar a posibilidade de ampliar o período transitorio para acadar a titulación de Grao e así facilitar o acceso de quen non ten titulación universitaria a día de hoxe e analizar a inclusión na nova Lei de FP, que no mellor dos escenarios podería entrar no Parlamento despois do verán, dun sistema de ingreso que permita que as persoas con titulación superior de FP poidan seguir impartindo docencia nesta etapa educativa e opositando para acadar unha praza fixa. A responsábel ministerial tamén confirmou que non se vai levar a cabo a integración do corpo de PTFP no de Secundaria mentres non se desenvolva regulamentariamente o normativa de acceso e que será presentada ás organizacións sindicais para a súa negociación proximamente. A CIG-Ensino mantivo a súa defensa de que se integre todo o profesorado de FP no corpo de PES e lembrou que con vontade política todo é posible, e puxo como exemplo que, malia a regulación xeral de acceso á función pública, existen excepcionalidades para o profesorado, tanto no corpo de secundaria como no de PTFP así como para acceder a prazas nos Conservatorios co Título de Profesor/a de Música Plan do 1966, unha titulación para á que nin sequera se esixía Bacharelato.

Primeira reunión cara a cara cun alto cargo ministerial desde a aprobación da LOMLOE na que se declara a extinguir o corpo de profesorado técnico de FP e a integración de quen teña titulación de Grao ou equivalente a efectos de acceso á función pública no corpo de profesorado de ensino secundario. Nunha videoconferencia celebrada na tarde do 25 de xaneiro, a CIG-Ensino, a través do seu secretario nacional, **Suso Bermello**, formuloulle á secretaria xeral de FP, **Clara Sanz**, todas as interrogantes que se abriron coa redacción da LOMLOE e a preocupación dos colectivos que se ven afectados por esta extinción, como é o caso do funcionariado de carreira e interino que non ten titulación de Grao, especialmente de quen ten titulación superior de FP, que en Galiza aglutina a **máis de 2.200 persoas**. Así, a representación da CIG-Ensino puxo en cuestión a afirmación do Ministerio de que a integración no corpo de PES, tal e como se aprobou, vaia afectar positivamente ao 90% do profesorado no conxunto do Estado. **No caso galego, sempre segundo datos da Consellaría, o 35% do profesorado** (funcionariado de carreira e interino con contrato por curso completo) **teñen titulación de FP**.

Durante o encontro, a máxima responsábel de FP dentro do organigrama do Ministerio asumiu que se puideron cometer erros na redacción da LOMLOE e que están en disposición de **introducir rectificacións se así se negocia nun proceso que se prevé abrir coas organizacións sindicais de forma inmediata**. Clara Sanz confirmou que **"só cando rematen esas negociacións e se chegue a acordos sobre os distintos puntos enriba da mesa" o Ministerio publicará a normativa para fixar estes cambios**. Ademais comprometeuse a buscar solucións con Función Pública para establecer un **sistema de acceso áxil ao corpo A1 de todo o profesorado técnico de FP que teña titulación universitaria** mais afirmou que, unha vez aprobada a normativa, **as convocatorias de acceso ao corpo de PES pola vía de integración son competencia autonómica e que o ritmo de integración dependería delas**.

A CIG-Ensino non oculta a súa **preocupación pola posibilidade de que a Xunta puidese demorar esas futuras convocatorias alegando cuestións orzamentarias** e será **esixente coa administración galega** para que **todo o profesorado poida acceder inmediatamente despois da aprobación da norma estatal** que o regule. A preguntas da CIG-Ensino, a secretaria xeral afirmou que **esa solución incluíría a quen nestes momentos ten diplomatura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica que**

técnica que coa normativa de acceso aínda vixente están consideradas **titulacións equivalentes a Grao a efectos de docencia pero non así de acceso á función pública**.

A integración do profesorado que teña titulación universitaria no corpo de PES só se levará a cabo unha vez publicado o Real Decreto que saia da negociación coas organizacións sindicais na Mesa Sectorial do Estado e corresponderalle á Xunta convocar o sistema de acceso e a súa aplicación orzamentaria. A CIG-Ensino estará vixilante para que a Consellaría non demore este proceso.

A equiparación salarial do funcionariado de carreira con titulación de FP, en mans da Xunta

Noutro punto no que existe malestar é na situación na que queda o profesorado técnico con titulación de FP. No caso do funcionariado de carreira, a CIG-Ensino insistiu que debe artellarse unha **solución para que poida tamén acceder ao corpo de profesorado de secundaria** e lembrou a situación actual de **22 especialidades de PES ás que se pode acceder con diplomatura** e de **10 de PTFP e 21 de mestras de taller de artes plásticas** ás que se accede con titulación de FP sendo un **grupo A2**, para o que o EBEP fixa con carácter xeral unha titulación universitaria. Tamén destacou a situación de **profesorado de Conservatorios co título de profesor/a, diploma de cantante de ópera ou superación de estudos oficiais de danza, ningún deles de carácter universitario**, e para os que mesmo **non se esixía o Bacharelato** e que son perfectamente válidos para ser docente do grupo A1. Pola súa banda, a secretaria xeral de Formación Profesional **mantivo a posición fixada na LOMLOE de que este colectivo quede a extinguir** mantendo os mesmos dereitos salariais e atribucións docentes, sendo moi clara ao respecto das limitacións fixadas polo Ministerio competente en Función Pública Amosouse favorábel, iso si, a **negociar a posibilidade de abrir un período transitorio, e puxo como referencia 4 anos para cumprir co requisito de contar cun Grao** e poder así pasar ao corpo A1 nese tempo. A CIG-Ensino anunciolle que corruxir o erro do prazo fixado na LOMLOE (ter titulación de Grao con data do 19 de xaneiro de 2021) era unha boa medida mais que o sindicato defenderá que **se manteña de forma indefinida o prazo para acadar o Grao** e cumprir así co requisito de titulación universitaria para poder integrarse no grupo A1.



Sobre a **equiparación salarial** co profesorado de ensino secundario, Clara Sanz deixou **nas mans das CCAA a posibilidade de que se lle vexa recoñecido ese complemento**. Desde o sindicato amosamos a nosa desconformidade con esta desigualdade laboral e salarial e que ten tamén incidencia na pensión de xubilación para quen a día de hoxe é do réxime de Clases Pasivas. Neste sentido, defendemos que se se fixe o **pago dun complemento compensador** que evite que unha parte do actual profesorado técnico quede relegado na mellora retributiva que implica acceder ao corpo de PES.

A concreción sobre o acceso á docencia con titulacións de FP, na nova Lei de FP

Ao respecto da cuestión que a CIG-Ensino lle trasladou á secretaria xeral sobre a normativa que se negociará para a **integración no corpo de PES** (específica ou dentro dun novo RD xeral de acceso e ingreso) a responsábel de FP do Ministerio afirmou que **prevén realizala mediante a figura dun Real Decreto específico**, dado o maior nivel de complexidade dun RD xeral.

No que atinxe á situación que máis lle afecta ao **persoal interino, substituto e aspirante a docente** que ten titulación superior de FP está previsto que se regule **na nova Lei de FP**. Unha normativa que, segundo o calendario que manexa o goberno

central, podería aprobarse no Consello de Ministros, no mellor dos casos, **a finais de agosto** para a posterior tramitación parlamentaria. Neste sentido Clara Sanz defendeu que se incorporara na redacción da LOMLOE a figura do profesorado especialista porque entendía que lle daba certa estabilidade a este colectivo, ao que o secretario nacional da CIG-Ensino lle lembrou todos os inconvenientes que trae aparelada unha relación laboral e non funcional coa administración.

Despois de asumir que esta cuestión tamén está causando malestar entre quen ten titulación de FP, Clara Sanz avanzou que están negociando con Función Pública as fórmulas que se poden artellar para **garantir na nova Lei de FP que nas 10 especialidades docentes destas ensinanzas ás que se pode optar con titulación de Ciclo Superior de FP se poida seguir accedendo**. Para iso, tamén emprazou á CIG-Ensino ás negociacións que se vaian celebrar durante a elaboración da nova Lei Orgánica de FP. A postura do sindicato, como xa se evidenciou desde que se xerou toda esta polémica e que lle foi explicada á secretaria xeral de FP, é que **se manteña a posibilidade de presentarse ás oposicións e de seguir sendo funcionarios e funcionarias a quen teñan titulación superior de Formación Profesional** naquelas especialidades nas que hoxe en día xa están declaradas titulacións equivalentes a efectos de docencia.

CUESTIÓNS TRASLADADAS Á SECRETARIA XERAL DE FP NA REUNIÓN DO 25 DE XANEIRO

DESENVOLVEMENTO DA INTEGRACIÓN NO CORPO DE PES DO PTFP

1. Como prevé facer o sistema de acceso o Ministerio? En que prazo?
2. Con que normativa ten pensado regulalo, RD específico ou dentro dun novo RD de acceso e ingreso?
3. Está disposto o MEFP a ampliar mediante modificación legal o prazo para cumprir o requisito de titulación para integrarse no corpo de PES?
4. Con independencia do prazo, vai recoñecer a antigüidade e dereitos desde o día de entrada en vigor da LOMLOE ou desde a data efectiva de ingreso?
5. Está aberto o MEFP a aproveitar a nova LO de FP para introducir rectificacións e melloras no regulado na LOMLOE?
6. No caso de que o MEFP descarte unha integración xeral, como defende CIG-Ensino, que ten pensado facer con aspectos como a mobilidade ou a situación retributiva do profesorado que permaneza a extinguir no corpo de PTFP? Haberá moitos temas que, con independencia da preceptiva negociación sindical en cada ámbito (estatal, autonómico), precisarán de acordos entre CC.AA. e o Ministerio: mobilidade (Concurso de Traslados) ou a discriminación retributiva.

TITULACIÓNS

1. Diplomaturas, enxeñarías técnicas e arquitecturas técnicas. Actualmente estas titulacións están limitadas a determinadas especialidades no corpo de PES, en función da afinidade das diplomaturas a cada especialidade. Vai seguir este criterio o MEFP coa integración do PTFP ou todo o PTFP vai poder integrarse con independencia da titulación universitaria que teña?
2. TSFP. Está aberto o MEFP a regular o ingreso e o acceso con esta titulación nas 10 especialidades nas que actualmente se pode acceder ao corpo de PTFP? A día de hoxe non só temos o caso das 22 especialidades do corpo de PES ás que se pode acceder cunha diplomatura ou equivalente senón tamén o da titulación para acceder ao corpo de Música e Artes Escénicas (Conservatorios) coa vella titulación, entre outras, de Profesor/a de Música, para a que no seu momento non se requiría nin sequera Bacharelato.

PROFESORADO ESPECIALISTA

1. A diferenza do RD 1560/1995 o réxime de contratación fixado na LOMLOE é o laboral e non o administrativo. Está o MEFP en disposición de permitir que o actual profesorado interino con titulación de TSF poida seguir traballando como na actualidade (contrato administrativo, mesma titulación)?
2. Nas 10 especialidades afectadas hai moitas persoas que nestes últimos anos cursaron ou están a cursar o curso equivalente a mestrado. Dá o MEFP por pechado definitivamente o ingreso por oposición no corpo de PES e a contratación como persoal interino a quen teña titulación de FP ou está en disposición de regulalo para evitar pecharlle a porta a estes profesionais?

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal